



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Bases e convocatoria de selección de persoal para formación de bolsa de emprego de persoal técnico para o desenvolvemento do proxecto de prevención de condutas adictivas dos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Valga e Rianxo (2022-2025)

BASES E CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL TÉCNICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)

ANUNCIO

BASES E CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL TÉCNICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de data 28 de marzo de 2023, acordou aprobar a convocatoria e as bases que rexerán a selección, por concurso-oposición, para formación de bolsa de emprego de persoal técnico para o desenvolvemento do PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025), que a continuación se transcriben:

“BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL TÉCNICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)

PRIMEIRA. Obxecto.

1.- O obxecto das presentes bases é a regulación do proceso de selección de persoal, mediante o sistema de concurso-oposición, para formación dunha bolsa de emprego de persoal técnico para o desenvolvemento do PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025), a fin de desenvolver as funcións e tarefas que lle corresponden como persoal funcionario/a interino/a sempre que se requira unha cobertura áxil e urxente.

2.- A bolsa de emprego, que se formará pola relación das persoas aspirantes que superen o presente proceso selectivo, destinarase á contratación do persoal que a integre cando se produza algunha das circunstancias recollidas no artigo 10.1 do EBEP, nos artigos 23 e 26 da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia.

3.- As funcións das persoas técnicas serán as determinadas polo Concello de Dodro, no marco do “PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS E VALGA 2022-2025”, que conta cunha Unidade de prevención de condutas adictivas con sede no Concello de Dodro, que estará constituída por dous profesionais titulados/as universitarios superiores (licenciados/as ou graduados/as), os/as dous/dúas a xornada completa. A súa vinculación co Concello será a través dun nomeamento funcional, segundo o disposto na normativa aplicable aos empregados públicos. Os profesionais contarán con formación específica en condutas adictivas, e actuarán como coordinador/a e técnico/a do proxecto ante a Consellería de Sanidade

A Unidade de prevención terá as seguintes funcións:

- Executar e avaliar os programas de prevención de condutas adictivas incluídos no PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025), así como rexistrar as actividades realizadas na aplicación informática Sapis.
- Comunicar as variacións que se poidan producir na execución das actividades planificadas ou no cadro do persoal asignado, así como solicitar a autorización daquelas modificacións das actividades que afecten de xeito significativo a planificación inicial.
- Ser un nexo de unión entre a Dirección Xeral de Saúde Pública e calquera entidade ou institución que teña relación coa prevención das condutas adictivas e atender e canalizar as demandas de información, asesoramento e formación sobre este tema no seu ámbito territorial. Do mesmo xeito, deberá difundir á sociedade as actividades preventivas que se estean realizando.

- Detectar no seu ámbito posibles incumprimentos da normativa sobre promoción, publicidade, venda, subministración e consumo de bebidas alcohólicas e tabaco, incluíndo aqueles que poidan ter que ver con publicidade sexista relacionada con este tema.
- Atender as indicacións da Dirección Xeral de Saúde Pública derivadas dos principios e directrices do plan de trastornos adictivos vixente.
- Elaborar os informes que permitan o seguimento e a avaliación dos proxectos preventivos segundo os procedementos que determine a Dirección Xeral de Saúde Pública.
- Colaborar coas organizacións e institucións que a Dirección Xeral de Saúde Pública designe para monitorizar e avaliar as actividades e os programas preventivos desenvolto.
- Cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEGUNDA. Requisitos das persoas aspirantes.

Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes REQUISITOS:

- a) Ser español/a ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións. Para acreditar esta circunstancia, as persoas candidatas deberán achegar informe médico que verifique a capacidade funcional.

A existencia dunha discapacidade ou diversidade funcional e a súa compatibilidade coa realización das funcións que lle corresponden acreditaranse pola correspondente certificación. Nestes casos, ademais, as persoas aspirantes farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- e) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Estar en posesión ou en condición de obter, na data de remate do prazo de admisión de instancias, o título universitario oficial de Grao ou Licenciatura en psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, educación social, traballo social ou equivalentes.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.

- g) Ter formación especializada, mínimo de 100 horas, en materia de prevención de condutas adictivas, a formación debe cumprir o requisito de ser certificada, subvencionada ou impartida por Administracións Públicas, universidades ou fundacións universitarias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- h) Posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento.
- i) Estar en posesión do permiso de condución clase B

Os anteriores requisitos deberanse posuír con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse ata o do nomeamento.

Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

TERCEIRA. - Pago de taxas

1. Para participar no proceso selectivo é preciso pagar un taxa por dereitos de exame por importe de 20 euros, de acordo co establecido na Ordenanza Fiscal num. 5 do Concello de Dodro. Esta cantidade deberá ser ingresada nalgunha das contas do Concello: ES68 0081 2281 93 0110 2315 ou ES60 2080 0329 3831 1000 0014, acompañando a xustificación de ter feito este pago coa solicitude.

2. Gozarán dunha bonificación do 50% da taxa as persoas que figuren debidamente inscritas como demandantes de emprego cunha antigüidade de polo menos 6 meses, o cal deberá acreditarse debidamente coa presentación da solicitude.

CUARTA.- Publicidade

Estas Bases e convocatoria serán publicadas no boletín Oficial da Provincia de A Coruña e máis no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Todos os demais actos relativos ao procedemento selectivo susceptibles de producir efectos para terceiros serán publicados no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello (<https://sede.dodro.gal/sxc/gl/informacion/tablon/>), producindo a publicación neste taboleiro o efecto de notificación colectiva, segundo o artigo 45 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, e sempre que sexa posible, estes actos publicaranse, a título informativo e complementario, na web municipal (<http://www.dodro.gal>).

QUINTA.- Presentación de instancias.

1.-As solicitudes presentaranse no modelo oficial que se achega como **Anexo I** a estas bases, dirixidas á Alcaldía, no Rexistro Xeral das oficinas municipais do Concello de Dodro, en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, durante o prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a convocatoria será publicada ademais no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro. Ademais as instancias tamén se poderán presentar na forma que se determina no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso os aspirantes deberán comunicalo mediante correo electrónico a info@dodro.gal achegando copia da solicitude rexistrada.

2.- Ás solicitudes de participación, que deberán presentarse no modelo que se achega ás presentes bases, (segundo modelo Anexo I) irá **inescusablemente** acompañada de copia simple da seguinte documentación:

- a) Documento Nacional de Identidade ou resguardo do mesmo, ou documentación equivalente.
- b) Fotocopia do documento que acredita a titulación universitaria mínima esixida para participar na selección reflectida na base 2ª f)
- c) Documentación acreditativa da formación especializada en materia de prevención de condutas adictivas, (mínimo 100 horas), base 2ª g)
- d) Relación de méritos alegados para a valoración da fase de concurso e documentación acreditativa. Os aspirantes deberán achegar un índice, no que enumeren os méritos e na que se exprese de forma ordenada a puntuación total e as parciais de cada sección e apartado, sumando as que consten individualizadas para cada mérito, segundo os criterios destas Bases. O referido índice precederá ao conxunto de documentos xustificativos que resultan necesarios.
- e) De ser o caso, copia do certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 4 ou equivalente, co que quedarán exentos do exame de galego.
- f) Carné de conducir clase B
- g) Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo organismo competente.
- h) Xustificante do pago da taxa por dereitos de exame así como documentación xustificativa da bonificación do 50%, de ser o caso.
- i) Declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos recollidos nas letras d) e) e) da base segunda (Anexo II)

Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

3.- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

Estes requisitos deberán de posuírse con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e especialmente, de ser o caso, no momento da contratación polo que calquera alteración deberá ser comunicada a esta Administración, en especial con ocasión da formalización do contrato de traballo.

4. A presentación da instancia solicitando participar no proceso selectivo implica a aceptación plena pola persoa aspirante solicitante de todas e cada unha destas bases.

SEXTA. Admisión de aspirantes. Listaxe provisional e definitiva.

1. Rematado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, no seu caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro da sede electrónica do Concello de Dodro, tendo esta publicación os efectos de notificación colectiva para os efectos de posibles impugnacións e recursos.

2. As persoas aspirantes disporán dun prazo de **tres (3) días hábiles** seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

3. Transcorrido o prazo e resoltas as reclamacións, no caso de existiren, ditarase nova resolución aprobando a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello. Se non existiran persoas aspirantes excluídas, nin reclamacións, a resolución declarara elevada a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

SÉTIMA. Desenvolvemento das probas. Data e lugar.

1. A resolución que aprobe a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas determinará a composición do Tribunal Cualificador do proceso selectivo e mais o lugar, data e hora de realización da valoración dos méritos e da proba escrita de oposición. Esta resolución será publicada no taboleiro da sede electrónica do Concello de Dodro, e deberán transcorrer polo menos 48 horas entre esta publicación e a data de realización das probas.

2. Unha vez comezadas as probas selectivas, os sucesivos exercicios anunciaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

3. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único. Para determinar a orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente, iniciárase pola letra que determine o sorteo celebrado para o efecto.

4. Os membros do tribunal poderán requirir en calquera momento dos exercicios que as persoas aspirantes acrediten a súa identidade.

OITAVA.- Tribunal cualificador.

1- A designación dos membros do Tribunal Cualificador axustarase ao disposto no artigo 60 do TREBEP e estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a: Un/unha funcionario/a de carreira de calquera administración pública.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira de calquera administración pública.

Secretario/a: Un/unha funcionario/a de carreira de calquera administración pública.

Todos os/as membros deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza de que se trate.

2. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes). En todo caso, será precisa a asistencia do/da presidente/a e do/da secretario/a, ou quen os substitúa.

3. Todos os membros do tribunal cualificador actuarán con voz e voto, agás o/a secretario/a, que non terá voto nas sesións do tribunal. As decisións do tribunal cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente.

4. O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. Poderá dispoñer da incorporación de asesores e especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes, que actuarán con voz pero sen voto, limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas que usaran só para colaborar co órgano de selección.

5. O persoal do Tribunal deberá absterse de formar parte deste cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándollo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. As persoas aspirantes poderán recusalo de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

6. Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos Tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

NOVENA. Proceso selectivo.

1. O sistema de selección será o de concurso-oposición. Unicamente se valorarán os méritos dos candidatos que superaran a fase de oposición.

2. O proceso selectivo desenvolverase da seguinte maneira:

A.-Fase de oposición. (puntuación máxima 18 puntos).

A oposición constará de 2 exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non pasarán ao seguinte exercicio as persoas aspirantes que non alcancen a puntuación mínima establecida para cada un deles.

Cando o tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración dos exercicios na mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración de cada un deles. De non ser posible e/ou así acordalo o tribunal celebraranse na xornada seguinte ou seguintes, deixando transcorrer neste caso un prazo mínimo de 24 horas entre cada exercicio.

Os aspirantes deberán acudir ás probas na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal.

Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir, sendo recomendable o uso de máscara. A actuación dos aspirantes no exercicio levarase a cabo por orde alfabética.

a) Primeiro exercicio.- Caso práctico (de carácter eliminatorio):

O exercicio consistirá nun caso práctico sobre as materias obxecto de temario que figuran no Anexo III, que será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos.

A puntuación será de 0 a 18 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 9 puntos.

O tribunal Cualificador, redactará acta coa puntuación acadada polas persoas aspirantes neste exercicio, no caso de non estar conforme co resultado, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles para formular as alegacións que estime oportunas.

b) Segundo exercicio.- Coñecemento da lingua galega. (obrigatorio para os que non puideron acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 4 ou equivalente)

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega (CELGA 4 ou equivalente) terán que realizar unha proba de galego.

Esta proba consistirá na tradución escrita directa dun texto elixido polo tribunal do castelán para o galego, sen axuda e dicionario, nun tempo máximo de 30 minutos.

Na proba deberá demostrarse unha competencia similar á esixida para obter o certificado de lingua galega (CELGA 4). Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Os aspirantes que non acrediten a posesión do CELGA 4 ou equivalente e non superen a proba de galego non superarán o proceso selectivo.

Ao obxecto desta proba incorporárase o persoal especializado que o tribunal considerase, no seu caso, necesario.

B.-Fase concurso: (puntuación máximo 12 puntos)

A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes de acordo co seguinte baremo:

a) Méritos por experiencia profesional (máximo 11 puntos)

1- Por cada mes completo de servizos prestados en calquera Administración Pública como persoal técnico de prevención de condutas adictivas ou realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado en programas de prevención de condutas adictivas: 0,40 puntos

Acreditarase presentando certificado de servizos prestados da administración correspondente como persoal técnico de prevención de condutas adictivas ou certificado de servizos prestados no que consten as tarefas realizadas directamente relacionadas co posto ofertado en programas de prevención de condutas adictivas e, en ambos casos, a vida laboral completa.

2- Por cada mes completo de servizos prestados fóra da Administración Pública como persoal técnico de prevención de condutas adictivas ou realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado en programas de prevención de condutas adictivas: 0,20 puntos

Acreditarase co certificado de empresa ou contrato, no que conste a contratación como persoal técnico de prevención de condutas adictivas ou no que consten as tarefas realizadas directamente relacionadas co posto ofertado en programas de prevención de condutas adictivas e, en ambos casos con informe de vida laboral completo.

En caso de contratacións a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Non se computaran servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais.

b) Méritos por formación (máximo 1 punto)

Por formación especializada en materia de prevención de condutas adictivas, a maiores das 100 horas exixida na base segunda como requisito: 0,01 puntos por cada hora de formación.

A formación debe cumprir o requisito de ser certificada, subvencionada ou impartida por Administracións Públicas, universidades ou fundacións universitarias.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

DÉCIMA.- Resultado da selección.

1. A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición, cunha puntuación máxima de 30 puntos.

2. En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo, a prioridade virá establecida pola mellor puntuación no primeiro exercicio da fase de oposición. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantara a acta correspondente.

3. A relación final de aprobados publicarase, coa súa puntuación, ordenada en modo decrecente, no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica do Concello. Esta relación será elevada polo Tribunal ao Alcalde-Presidente, para a aprobación da relación de candidatos que superaron o proceso de selección e a súa orde de prelación aos efectos da formación da bolsa de emprego.

UNDÉCIMA.- Funcionamento da bolsa de emprego.

1. A bolsa de emprego estará formada pola relación definitiva de aspirantes que superaron o proceso selectivo, organizada por orde decrecente da puntuación total obtida por cada un no dito proceso, tal e como foi aprobada por Resolución de Alcaldía.

2. Sempre que resulte necesaria a contratación ou nomeamento dun/dunha técnico/a para o desenvolvemento do PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025), procederase a chamar ás persoas integrantes da bolsa de emprego e informarse das condicións no momento do chamamento.

3. Os chamamentos efectuaranse pola orde na que os aspirantes figuran na bolsa e polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Isto requirirá que as persoas aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación nos procesos, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos de contacto necesarios debidamente actualizados (especialmente, correo electrónico e número de teléfono).

Nos supostos nos que o chamamento fose de urxencia, polas circunstancias concorrentes ou para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, e estea esta circunstancia debidamente acreditada, poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, a/o empregada/o pública/o que realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta, así coma o sentido desta. Se algunha persoa candidata non contesta seguirase chamando aos seguintes da listaxe coa finalidade de axilizar e non paralizar o proceso de contratación, tendo en conta que se durante esa xornada a persoa coa que non se deu contactado anteriormente se pon en contacto co Concello de Dodro, manterá o dereito a ser contratada en primeiro lugar.

A aceptación da chamamento deberá efectuarse antes das 12:00 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento, podendo ter lugar, tamén, por vía telefónica.

Transcorrido dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase que se rexeita a oferta.

4. A renuncia a unha oferta de emprego con motivo xustifico non suporá cambio na orde da persoa candidata na Bolsa de Emprego. A renuncia a tres ofertas sen xustificar será causa de colocación no derradeiro lugar da Bolsa de Emprego durante 6 meses.

Consideraranse como causa xustificada para a renuncia ao chamamento:

Estar en período de descanso paternal ou maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou libro de familia

Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.

Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grao, acreditado por certificado médico.

A presentación da documentación acreditativa de calquera das anteriores circunstancias efectuarase no prazo de 3 días naturais a contar dende o seguinte ao da comunicación do chamamento efectuado polo Concello de Dodro.

5. A persoa que acepte o chamamento, terá que presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos correspondentes do xeito establecido na base seguinte.

6. Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo a orde da bolsa de traballo, e comprobado que cumpre os requisitos para a contratación ou nomeamento, realizados os trámites administrativos oportunos, o Sr. Alcalde, por Resolución de Alcaldía, procederá ao seu nomeamento para o desempeño do traballo correspondente.

7. A bolsa de traballo estará vixente mentres se desenvolva o PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025) e extinguirase o 30/06/2025 ou por derrogación expresa por Resolución da Alcaldía, sen prexuízo da posibilidade de prórroga, por un ano máis, a cal deberá ser acordada por Resolución de Alcaldía antes de finalizar o período inicial de duración da bolsa.

8. Poderá non utilizarse esta bolsa de emprego cando a aplicación dunha norma de rango legal ou regulamentario impoña a utilización dun procedemento de selección diferente, ou a esixencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes os destas bases.

DUODÉCIMA.- Presentación de documentación

1.- Para un nomeamento funcional, o/a aspirante proposto/a achegará dentro do prazo de tres días naturais contados a partir do requirimento que se faga, os documentos seguintes:

- a) Orixinal, copia autenticada ou fotocopia compulsada do seu Documento Nacional de Identidade ou documento equivalente.
- b) Orixinal, copia autenticada ou fotocopia compulsada do título ou, no seu caso, diploma sobre a base do cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de ter cumprido todos os requisitos para a expedición deste. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustificarse a data en que finalizaron os correspondentes estudos.
- c) Orixinal, copia autenticada ou fotocopia compulsada do CELGA 4.
- d) Orixinal, copia autenticada ou fotocopia compulsada do carné de conducir.
- e) Orixinal, copia autenticada ou fotocopia compulsada da documentación acreditativa da formación especializada en materia de prevención de condutas adictivas (mínimo 100 horas).
- f) Orixinal, copia autenticada ou fotocopia compulsada dos méritos alegados para a valoración na fase de concurso
- g) Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso
- h) Certificado negativo de Delitos de Natureza Sexual para traballar con menores, expedido polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais. A súa antigüidade non debe ser superior a un mes.
- i) Os aspirante que fixeron valer a súa condición de minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo, a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo organismo competente.
- j) Informe médico actualizado, cunha antigüidade non superior a un mes, que verifique a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto.
- k) Orixinal ou fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de estar dado de alta).

Se dentro do prazo indicado, a persoa aspirante proposta non presentase esta documentación ou, se da documentación achegada se comprobouse que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada ou contratada, e quedarán anuladas automaticamente todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia na que solicitou tomar parte no proceso selectivo.

2. A persoa aspirante proposta non precisará achegar a documentación enumerada nos puntos a), b), c), d), e), f) e k) do número anterior se se tratase dun segundo ou posterior chamamento e os documentos xa estivesen en poder do Concello e mantivesen a súa vixencia. Neste caso, bastaría con facer referencia á súa achega anterior e ao/s expediente/s ou

registro/s correspondentes, e unicamente deberá achegar o informe médico actualizado no que se verifique que continúa a ter a capacidade funcional para o desempeño das súas funcións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Réxime xurídico.

O proceso selectivo rexerá polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas ou naquilo que as contradigan, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e demais disposicións de pertinente aplicación.

DÉCIMO CUARTA.- Recursos.

1. Contra estas bases e o acto que as aprobe, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que adoptou o dito acto de aprobación, no prazo dun mes contado dende. Tamén, poderá interperse directamente o recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria. A interposición do recurso de reposición impedirá a posibilidade de interpor o recurso contencioso-administrativo ata que o Concello resolva expresamente aquel, ou ben ata que se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o dun mes contado desde a presentación do recurso; unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpor o recurso contencioso-administrativo. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

2. Todos os actos e comunicacións que se deriven desta convocatoria e/ou da actuación do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados dentro dos prazos, nos casos e forma establecidos na Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL TÉCNICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)			
Datos persoais			
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	DNI:
Data de nacemento:	Lugar de nacemento:	Pais:	Nacionalidade:
Enderezo:			
Concello:	Provincia:	Pais:	CP
Enderezo electrónico:		Teléfono:	

Tendo coñecemento da convocatoria publicada polo Concello de Dodro para a formación dunha bolsa de emprego de persoal técnico para o desenvolvemento do PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)

SOLICITO, tomar parte no proceso selectivo e

DECLARO, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na presente convocatoria.

ACHEGO (risque ou sinala cun X os cadrados correspondentes á documentación presentada):

Copia do DNI ou documentación equivalente.

Declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos recollidos nas letras d) e) e) da base segunda (Anexo II).

Acreditación de posuír algunha das titulacións referidas na base segunda, letra f).

Copia da documentación acreditativa da formación especializada en materia de prevención de conductas adictivas (mínimo 100 horas) referidas na base segunda, letra g).

Documentos acreditativos do nivel Celga 4 de galego, ou superior.

Copia do carné de conducir

Xustificante do pagamento da taxa correspondente xunto, de ser o caso, a acreditación das circunstancias para a aplicación da bonificación.

Relación de méritos alegados para a fase de concurso, e documentación acreditativa de cada un deles.

AUTORIZO a facer as comunicacións que sexan pertinentes a través do correo electrónico e, no seu caso, do teléfono que se achegan nesta solicitude.

Opcións do exame (risque ou sinale cun X o que proceda):

Lingua do exame	Galego		Castelán	
Necesita adaptación	Si		Non	

Dodro, ____ de _____ de 2023

(sinatura)

AO ALCALDE DO CONCELLO DE DODRO

ANEXO II : DECLARACIÓN RESPONSABLE

NOME E APELIDOS:

DNI:

Tendo coñecemento da convocatoria publicada polo Concello de Dodro para a formación dunha bolsa de emprego de persoal técnico para o desenvolvemento do PROXECTO DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, VALGA E RIANXO (2022-2025)

Declaro responsablemente (sinale cunha X)

Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. (No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que lle impidira, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.)

Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Dodro, ____ de _____ de 2023

Sinatura

AO ALCALDE DO CONCELLO DE DODRO

ANEXO III : TEMARIO

TEMA 1: A Psicoloxía da Adicción. Aspectos conceptuais e metodolóxicos. Clasificación das adiccións. Dinámica do proceso adictivo: vulnerabilidade, adquisición, prevención, mantemento, cambio, recaída.

TEMA 2: Procesos psicolóxicos implicados na adicción. Modelos teóricos explicativos. Procesos motivacionais. Procesos de aprendizaxe e condicionamento. Outros procesos psicolóxicos: variables cognitivas, variables de personalidade, variables psicosociais, procesos biolóxicos.

TEMA 3: Adiccións non tóxicas. Características da adicción. Modelos explicativos. Criterios diagnósticos e de avaliación. Intervención.

TEMA 4: Adiccións a substancias tóxicas I: tabaquismo e alcoholismo. Características da adicción. Modelos explicativos. Criterios diagnósticos e de avaliación. Intervención.

TEMA 5: Adiccións a substancias tóxicas II: cocaína, opiáceos e drogas de sínteses Características da adicción. Modelos explicativos. Criterios diagnósticos e de avaliación. Intervención.

TEMA 6: Prevención-Intervención en drogodependencias. A prevención como nivel de intervención en drogodependencias. Niveis de prevención. A prevención no ámbito educativo, no ámbito comunitario e no ámbito familiar.

TEMA 7: Intervención en drogodependencias. Circuitos terapéuticos, o proceso terapéutico en drogodependencias. A intervención do traballador social nas etapas do proceso terapéutico. Perspectiva de xénero na atención a mulleres drogodependentes.

TEMA 8: Reinserción social para drogodependentes. A inserción ou incorporación social como proceso. O proceso de inserción, recursos de inserción, intervención do traballador social nesta etapa.

TEMA 9: Concepto e derivacións das políticas de redución de danos asociados ao consumo de drogas.

TEMA 10: Hábitos de vida saudables. Estratexias institucionais: a construción de políticas públicas enfocadas aos hábitos saudables. Ámbitos de intervención para a prevención de condutas de risco e a promoción hábitos de vida saudables. Benestar emocional. Avaliación de riscos e necesidades. Estratexias de prevención e intervención: estratexias persoais, relacionais e participación social e comunitaria. Promoción de hábitos saudables na escola e a comunidade.

TEMA 11: Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TEMA 12: A Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, sobre a protección xurídica do menor e as principais modificacións do sistema de protección á infancia: a Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

TEMA 13: A Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

TEMA 14: Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, que desenvolve a Lei orgánica 5/2000. Principios xerais. As medidas e a súa execución. Modificación e suspensión da execución de medidas.

TEMA 15: Delincuencia e a violencia xuvenil: modelos integradores. Marco lexislativo. Bandas e grupos violentos. Conflito intergrupal. Modelos e estratexias para a prevención e a intervención na violencia xuvenil.

TEMA 16: Participación cidadá, apoio social e voluntariado. Participación cidadá. Normas reguladoras. O proceso de participación en organizacións comunitarias. Apoio social, redes sociais e grupos de apoio. Aplicacións e programas de intervención psicosocial. Voluntariado en intervencións psicosociais: perfil do voluntariado e normas reguladoras. Variables no inicio e a permanencia do voluntariado. Xestión do voluntariado: captación, selección, formación e supervisión.

TEMA 17: Intervención psicosocial en situacións de pobreza, desarraigamento e exclusión social. Recursos e normativa estatal e autonómica. Enfoque da saúde positiva e o benestar. Programas e estratexias de intervención. Integración intergrupal e tolerancia. Mediación intercultural.

TEMA 18: Principios da intervención social e comunitaria. O benestar como obxectivo: benestar subxectivo, psicolóxico e social. Conceptos de prevención e intervención proactiva. Recursos e relacións sociais. Fundamentos e fases da intervención social e comunitaria. Avaliación inicial, deseño, implantación, xestión e avaliación de programas de intervención. Ámbitos e tarefas do psicólogo da intervención psicosocial comunitaria.

TEMA 19: A promoción da igualdade: xénero e identidade social. Discriminación e sexismo. Marco lexislativo estatal e autonómico e políticas de igualdade. Programas e accións positivas encamiñadas á consecución da igualdade entre homes mulleres: estratexias para o cambio de estereotipos de xénero.

TEMA 20: Violencia de xénero: o marco social da violencia contra a muller. Marco lexislativo estatal e autonómico. Acoso en contextos laborais e noutros ámbitos de interacción. Violencia nas relacións de parella. Abusos e violencia sexual. Identificación de factores de risco. Protocolos e programas de intervención. Prostitución e trata de mulleres e nenas. Marco legal. Trauma asociado á prostitución e á trata.”

O que se publica ao efectos oportunos

Dodro, 28 de marzo de 2023

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís

2023/2285